

Tradución

Escolma de relatos de Franz Kafka

Alicia ROMERO LÓPEZ
Santiago SANJURJO DÍAZ

Franz Kafka naceu o 3 de xullo de 1883 en Praga. Estudou dereito e traballou nunha compañía de seguros da súa cidade natal, emprego burócrata que compaxinou cunha intensa dedicación á literatura. A súa obra posúe un estilo moi persoal, caracterizado polo existencialismo, o absurdo e un pesimismo irónico. Desde 1910 interesouse polo movemento socialista e achegouse ao sionismo. Xa dende 1917 comezou a padecer síntomas de tuberculose, o que remataría por causarlle a morte o 3 de xuño de 1924.

Autor recoñecido tralo seu pasamento, cunha escasa obra publicada en vida e un público non moi amplo, hoxe en día é considerado un dos escritores máis importantes e influentes do século XX. Entre 1913 e 1919 escribiu algunhas das súas obras máis sobranceiras, como as novelas fragmentarias *O proceso*, *O desaparecido* e *O castelo*, ou as narracións *A transformación* e *A sentenza*. En 1918 publicou a colección de relatos *Un médico de aldea*.

Os relatos da presente escolma foron publicados postumamente polo seu amigo e testamenteiro Max Brod en 1931, no volume *Sobre a construción da muralla chinesa* da editorial berlinesa Kiepenheuer, agás “De noite”, que saíu do prelo en 1936 na colección *Descripción dunha loita*, da casa editora Heinrich Mercy Sohn de Praga.

NACHTS

Versunken in die Nacht. So wie man manchmal den Kopf senkt, um nachzudenken, so ganz versunken sein in die Nacht. Ringsum schlafen die Menschen. Eine kleine Schauspielerei, eine unschuldige Selbsttäuschung, daß sie in Häusern schlafen, in festen Betten, unter festem Dach, ausgestreckt oder geduckt auf Matratzen, in Tüchern, unter Decken, in Wirklichkeit haben sie sich zusammengefunden wie damals einmal und wie später in wüster Gegend, ein Lager im Freien, eine unübersehbare Zahl Menschen, ein Heer, ein Volk, unter kaltem Himmel auf kalter Erde, hingeworfen wo man früher stand, die Stirn auf den Arm gedrückt, das Gesicht gegen den Boden hin, ruhig atmend. Und du wachst, bist einer der Wächter, findest den nächsten durch Schwenken des brennenden Holzes aus dem Reisighaufen neben dir. Warum wachst du? Einer muß wachen, heißt es. Einer muß da sein.

DE NOITE

Mergullado na noite. Estar mergullado por enteiro na noite como cando ás veces un baixa a cabeza para reflexionar. Ao redor dorme a xente. Un pequeno finximento, un inocente autoengano de que dormen en casas, en leitos firmes, baixo teitos firmes, estarricados ou encollidos sobre colchóns, entre sabas, baixo mantas; pero en realidade reuníronse, como antano unha vez e como despois, nun terreo ermo, un campamento á intemperie, unha infinda morea de persoas, un exército, un pobo, baixo un frío ceo, sobre a fría terra, deitados onde antes estiveran de pé, a fronte apretada contra o brazo, o rostro contra o chan, respirando quedamente. E fas garda, es un dos gardas, recoñeces ao seguinte cando axitas o pau ardente da ramallada que está ao teu lado. Por que fas garda ti? Alguén ten que facer garda, disque. Alguén debe estar alí.

Trad. Alicia Romero López

DIE WAHRHEIT ÜBER SANCHO PANSA

Sancho Pansa, der sich übrigens dessen nie gerühmt hat, gelang es im Laufe der Jahre, durch Beistellung einer Menge Ritter- und Räuberromane in den Abend- und Nachtstunden seinen Teufel, dem er später den Namen Don Quixote gab, derart von sich abzulenken, daß dieser dann haltlos die verrücktesten Taten ausführte, die aber mangels eines vorbestimmten Gegenstandes, der eben Sancho Pansa hätte sein sollen, niemandem schadeten. Sancho Pansa, ein freier Mann, folgte gleichmütig, vielleicht aus einem gewissen Verantwortlichkeitsgefühl, dem Don Quixote auf seinen Zügen und hatte davon eine große und nützliche Unterhaltung bis an sein Ende.

DAS SCHWEIGEN DER SIRENEN

Beweis dessen, daß auch unzulängliche, ja kindische Mittel zur Rettung dienen können:

Um sich vor den Sirenen zu bewahren, stopfte sich Odysseus Wachs in die Ohren und ließ sich am Mast festschmieden. Ähnliches hätten natürlich seit jeher alle Reisenden tun können, außer denen, welche die Sirenen schon aus der Ferne verlockten, aber es war in der ganzen Welt bekannt, daß dies unmöglich helfen konnte. Der Sang der Sirenen durchdrang alles, und die Leidenschaft der Verführten hätte mehr als Ketten und Mast gesprengt. Daran aber dachte Odysseus nicht, obwohl er davon vielleicht gehört hatte. Er vertraute vollständig der Handvoll Wachs und dem Gebinde Ketten und in unschuldiger Freude über seine Mittelchen fuhr er den Sirenen entgegen.

Nun haben aber die Sirenen eine noch schrecklichere Waffe als den Gesang, nämlich ihr Schweigen. Es ist zwar nicht geschehen, aber vielleicht denkbar, daß sich jemand vor ihrem Gesang gerettet hätte, vor ihrem Schweigen gewiß nicht. Dem Gefühl, aus eigener Kraft sie besiegt zu haben, der daraus folgenden alles fortreißenden Überhebung kann nichts Irdisches widerstehen.

Und tatsächlich sangen, als Odysseus kam, die gewaltigen Sängerinnen nicht, sei es, daß sie glaubten, diesem Gegner könne nur noch das Schweigen beikommen, sei es, daß der Anblick

A VERDADE SOBRE SANCHO PANZA

Sancho Panza, quen, dito sexa de paso, nunca se xactou de tal cousa, no decorrer dos anos compuxo nas horas do serán e da noite unha gran cantidade de novelas de cabaleiros e bandoleiros, para afastar de si o seu demo, a quen posteriormente chamou Don Quixote, de tal xeito que este se entregou irrefreablemente ás máis tolas aventuras; mais por falta dun obxecto predeterminado, que debería ter sido Sancho Panza, non fixeron mal a ninguén. Sancho Panza, un home ceibe, acompañou impasible, quizais por mor dun sentimento de responsabilidade, a Don Quixote nas súas andanzas, mantendo así unha grande e proveitosa conversa até a fin dos seus días.

Trad. Alicia Romero López

O SILENCIO DAS SEREAS

Proba de que mesmo medios insuficientes, case infantís, poden servir de salvación:

Para protexerse das sereas, Ulises taponou os oídos con cera e fíxose encadear ao mastro. Certamente poderían ter feito isto mesmo dende sempre tódolos viaxeiros, agás aqueles aos que as sereas xa seducían de lonxe, pero no mundo enteiro era sabido que resultaba imposible que isto fose de axuda. O canto das sereas penetrábao todo, e a paixón dos seducidos faría estoupar aínda máis que as cadeas e o mastro. Ulises non pensou nisto, se ben algo tería oído ao respecto. Confiou por completo no maízo de cera e no mangado de cadeas, e con inxenua fiúza nos seus miúdos recursos acudiu ao encontro das sereas.

Agora ben, as sereas posúen unha arma aínda máis terrible que o canto: o seu silencio. Ben é verdade que non ocorreu, pero quizais é imaxinable que alguén puidese liberarse do seu canto, mais certamente non do seu silencio. Non hai nada terreal que se resista ao sentimento de vencelas coas propias forzas e á conseguinte altivez que todo o arrastra.

De feito, cando Ulises chegou, as poderosas cantoras non cantaron, talvez porque pensaron que só poderían obter algo dese inimigo co silencio, talvez porque o ar de felicidade no rostro de Ulises, que tan só pensaba na cera e nas cadeas, as fixo esquecer todo canto.

der Glückseligkeit im Gesicht des Odysseus, der an nichts anderes als an Wachs und Ketten dachte, sie allen Gesang vergessen ließ.

Odysseus aber, um es so auszudrücken, hörte ihr Schweigen nicht, er glaubte, sie sängen, und nur er sei behütet, es zu hören. Flüchtig sah er zuerst die Wendungen ihrer Hälse, das tiefe Atmen, die tränenvollen Augen, den halb geöffneten Mund, glaubte aber, dies gehöre zu den Arien, die ungehört um ihn verklungen. Bald aber glitt alles an seinen in die Ferne gerichteten Blicken ab, die Sirenen verschwanden förmlich vor seiner Entschlossenheit, und gerade als er ihnen am nächsten war, wußte er nichts mehr von ihnen.

Sie aber - schöner als jemals - streckten und drehten sich, ließen das schaurige Haar offen im Winde wehen und spannten die Krallen frei auf den Felsen. Sie wollten nicht mehr verführen, nur noch den Abglanz vom großen Augenpaar des Odysseus wollten sie so lange als möglich erhaschen.

Hätten die Sirenen Bewußtsein, sie wären damals vernichtet worden. So aber blieben sie, nur Odysseus ist ihnen entgangen.

Es wird übrigens noch ein Anhang hierzu überliefert. Odysseus, sagt man, war so listereich, war ein solcher Fuchs, daß selbst die Schicksalsgöttin nicht in sein Innerstes dringen konnte. Vielleicht hat er, obwohl das mit Menschenverstand nicht mehr zu begreifen ist, wirklich gemerkt, daß die Sirenen schwiegen, und hat ihnen und den Göttern den obigen Scheinvorgang nur gewissermaßen als Schild entgegengehalten.

DER JÄGER GRACHHUS

Zwei Knaben saßen auf der Quaimauer und spielten Würfel. Ein Mann las eine Zeitung auf den Stufen eines Denkmals im Schatten des säbelschwingenden Helden. Ein Mädchen am Brunnen füllte Wasser in ihre Bütte. Ein Obstverkäufer lag neben seiner Ware und blickte auf den See hinaus. In der Tiefe einer Kneipe sah man durch die leeren Tür- und Fensterlöcher zwei Männer beim Wein. Der Wirt saß vorn an einem Tisch und schlummerte. Eine Barke schwebte leise, als werde sie über dem Wasser getragen, in den kleinen Hafen. Ein

Mais Ulises, se se pode expresar así, non escoitou o silencio, pensaba que elas cantaban e só el estaba protexido do seu canto. Por un intre viu os movementos dos pescozos, as respiracións profundas, os ollos cheos de bágoas, as bocas medio abertas, e pensou que todo iso se relacionaba coas arias que soaban imperceptibles ao seu arredor. Logo, sen embargo, esvaeceuse todo a causa do seu ollar dirixido ao lonxe, as sereas desapareceron, por así dicilo, por mor da súa determinación, e xusto cando se atopaba máis preto delas non soubo nada máis das mesmas.

Elas, no entanto, máis fermosas ca nunca, estarricábanse e arrolicábanse deixando ondear o seu horrible cabelo ao vento e espelían as súas gadoupas sobre as rochas. Non querían seducir xa máis, tan só querían capturar, durante o maior tempo posible, a refulxencia dos grandes ollos de Ulises.

Se as sereas tivesen conciencia, terían sido aniquiladas aquel día. Pero ficaron alí, só Ulises escapou delas.

A propósito, conservouse un apéndice ao respecto. Disque Ulises era tan rico en enganos, era tan raposeiro, que mesmo a deusa do fado non era capaz de penetrar no seu interior. Talvez se decatara, aínda que o coñecemento humano non o poida comprender, de que as sereas calaban, e se opuxera a elas e aos deuses empregando como escudo o devandito xogo de aparencias.

Trad. Alicia Romero López

O CAZADOR GRACHHUS

Dous rapaces estaban sentados no muro do peirao e xogaban aos dados. Un home lía un xornal nos chanzos dun monumento, á sombra do heroe que brandía o sabre. Unha moza na fonte verquía auga na súa talla. Un froiteiro estaba deitado xunto as súas mercadorías e miraba cara ao mar. A través dos vans baleiros da porta e das ventás dunha baiuca podían verse dous homes bebendo viño no fondo. O taberneiro estaba sentado diante nunha mesa e toqueneaba. Unha barca esvaraba paseniño, como se fose levada por enriba da auga, rumbo ao pequeno porto.

Mann in blauem Kittel stieg ans Land und zog die Seile durch die Ringe. Zwei andere Männer in dunklen Röcken mit Silberknöpfen trugen hinter dem Bootsmann eine Bahre, auf der unter einem großen blumengemusterten, gefransten Seidentuch offenbar ein Mensch lag.

Auf dem Quai kümmerte sich niemand um die Ankömmlinge, selbst als sie die Bahre niederstellten, um auf den Bootsführer zu warten, der noch an den Seilen arbeitete, trat niemand heran, niemand richtete eine Frage an sie, niemand sah sie genauer an.

Der Führer wurde noch ein wenig aufgehalten durch eine Frau, die, ein Kind an der Brust, mit aufgelösten Haaren sich jetzt auf Deck zeigte. Dann kam er, wies auf ein gelbliches, zweistöckiges Haus, das sich links nahe beim Wasser geradlinig erhob, die Träger nahmen die Last auf und trugen sie durch das niedrige, aber von schlanken Säulen gebildete Tor. Ein kleiner Junge öffnete ein Fenster, bemerkte noch gerade, wie der Trupp im Haus verschwand, und schloß wieder eilig das Fenster. Auch das Tor wurde nun geschlossen, es war aus schwarzem Eichenholz sorgfältig gefügt. Ein Taubenschwarm, der bisher den Glockenturm umflogen hatte, ließ sich jetzt vor dem Hause nieder. Als werde im Hause ihre Nahrung aufbewahrt, sammelten sich die Tauben vor dem Tor. Eine flog bis zum ersten Stock auf und pickte an die Fensterscheibe. Es waren hellfarbige wohlgepflegte, lebhaftere Tiere. In großem Schwung warf ihnen die Frau aus der Barke Körner hin, die sammelten sie auf und flogen dann zu der Frau hinüber.

Ein Mann im Zylinderhut mit Trauerband kam eines der schmalen, stark abfallenden Gäßchen, die zum Hafen führten, herab. Er blickte aufmerksam umher, alles bekümmerte ihn, der Anblick von Unrat in einem Winkel ließ ihn das Gesicht verzerren. Auf den Stufen des Denkmals lagen Obstschalen, er schob sie im Vorbeigehen mit seinem Stock hinunter. An der Stubentür klopfte er an, gleichzeitig nahm er den Zylinderhut in seine schwarzbehaarte Rechte. Gleich wurde geöffnet, wohl fünfzig kleine Knaben bildeten ein Spalier im langen Flurgang und verbeugten sich.

Der Bootsführer kam die Treppe herab, begrüßte den Herrn, führte ihn hinauf, im ersten Stockwerk umging er mit ihm den von leicht

Un home cunha chaqueta azul saltou a terra e pasou os cabos polas argolas. Tralo barqueiro, outros dous homes de abrigos escuros con botóns prateados portaban un cadaleito, no que a todas luces, baixo un gran pano de seda floreado e desfiañado, xacía unha persoa.

Ninguén no peirao reparou en quen acababa de chegar; incluso cando pousaron o cadaleito para agardar polo barqueiro, quen aínda seguía a traballar cos cabos, non apareceu ninguén; ninguén lles fixo pregunta ningunha; ninguén os mirou con atención.

O barqueiro aínda foi retido un intre por unha muller que, cun nenño no peito e co pelo desguedellado, aparecía agora na cuberta. Logo chegou el, sinalou unha casa de dous andares, amarelenta, que se erguía recta pola banda esquerda, preto da auga; os portadores colleron a carga e levárona atravesando a porta baixa, pero formada por esveltas columnas. Un rapaz pequeno abriu a fiestra, decatouse nun instante de que o grupo desaparecía no interior da casa e pechou de novo a fiestra ás présas. Tamén pecharon a porta, que estaba feita de madeira de carballo negra coidadosamente traballada. Un bandado de pombas que até entón estiveran voando arredor do campanario pousou en fronte da casa. Como se a súa comida estivese gardada dentro da casa, as pombas arrexuntáronse diante da porta. Unha voou até o primeiro andar e peteirou na ventá. Eran uns animais luminosos, louzáns, vivaces. Cun gran pulo a muller da barca lanzoulles uns grans que colleitaron e logo saíron voando onda a muller.

Un home cun chapeu de copa e cunha fita de loito descendía por un dos calellos, estreitos e fortemente inclinados, que conducía ao peirao. Axexou con atención ao seu redor, todo o conturbaba, a visión do lixo nun rincón desfigurolle a faciana. Sobre os chanzos do monumento xacían pelás de froita; ao pasar botounas abaixo co seu bastón. Petou na porta da casa; ao mesmo tempo quitou o chapeu de copa coa súa man dereita, envolta nunha luva negra. Abriron inmediatamente; uns cincuenta nenos pequenos formaron unha rúa no longo corredor e fixeron unha reverencia.

O barqueiro baixou pola escaleira, saudou o señor, conduciuno cara a riba, no primeiro andar bordeou o patio arrodeado por palcos

gebauten, zierlichen Loggien umgebenen Hof und beide traten, während die Knaben in respektvoller Entfernung nachdrängten, in einen kühlen, großen Raum an der Hinterseite des Hauses, dem gegenüber kein Haus mehr, sondern nur eine kahle, grauschwarze Felsenwand zu sehen war. Die Träger waren damit beschäftigt, zu Häupten der Bahre einige lange Kerzen aufzustellen und anzuzünden, aber Licht entstand dadurch nicht, es wurden förmlich nur die früher ruhenden Schatten aufgescheucht und flackerten über die Wände. Von der Bahre war das Tuch zurückgeschlagen. Es lag dort ein Mann mit wild durcheinandergewachsenem Haar und Bart, gebräunter Haut, etwa einem Jäger gleichend. Er lag bewegungslos, scheinbar atemlos mit geschlossenen Augen da, trotzdem deutete nur die Umgebung an, daß es vielleicht ein Toter war.

Der Herr trat zur Bahre, legte eine Hand dem Daliegenden auf die Stirn, kniete dann nieder und betete. Der Bootsführer winkte den Trägern, das Zimmer zu verlassen, sie gingen hinaus, vertrieben die Knaben, die sich draußen angesammelt hatten, und schlossen die Tür. Dem Herrn schien aber auch diese Stille noch nicht zu genügen, er sah den Bootsführer an, dieser verstand und ging durch eine Seitentür ins Nebenzimmer. Sofort schlug der Mann auf der Bahre die Augen auf, wandte schmerzlich lächelnd das Gesicht dem Herrn zu und sagte: »Wer bist du?« - Der Herr erhob sich ohne weiteres Staunen aus seiner knieenden Stellung und antwortete: »Der Bürgermeister von Riva.«

Der Mann auf der Bahre nickte, zeigte mit schwach ausgestrecktem Arm auf einen Sessel und sagte, nachdem der Bürgermeister seiner Einladung gefolgt war: »Ich wußte es ja, Herr Bürgermeister, aber im ersten Augenblick habe ich immer alles vergessen, alles geht mir in der Runde und es ist besser, ich frage, auch wenn ich alles weiß. Auch Sie wissen wahrscheinlich, daß ich der Jäger Gracchus bin.«

»Gewiß«, sagte der Bürgermeister. »Sie wurden mir heute in der Nacht angekündigt. Wir schliefen längst. Da rief gegen Mitternacht meine Frau: ›Salvatore‹, - so heiße ich - ›sieh die Taube am Fenster!‹ Es war wirklich eine Taube, aber groß wie ein Hahn. Sie flog zu meinem Ohr und sagte: ›Morgen kommt der tote Jäger Gracchus, empfangen ihn im Namen der Stadt.‹«

construídos con materiais lixeiros e delicados e, mentres os nenos os seguían a unha distancia respectuosa, ámbolos dous entraron nunha peza fría e grande situada na parte traseira da casa, fronte á cal xa non se vía casa ningunha, senón unha parede de rocha pelada e moura. Os portadores estaban ocupados en colocar e acender unhas longas candeas na cabeceira do cadaleito, pero non se fixo a luz, apenas só se axotaron as sombras que antes estaban quedas e escintilaron na parede. O pano estaba botado enriba do cadaleito. Nel xacía un home cos cabelos e a barba salvaxemente longos e revoltos, coa pel bronceada, bastante semellante a un cazador. Xacía quedo, sen respirar aparentemente e cos ollos pechados; porén, só o entorno daba a entender que tal vez se tratara dun morto.

O señor achegouse ao cadaleito, puxo unha man sobre a fronte do xacente, despois púxose de xeonllos e pregou. O barqueiro fixolles aos portadores un aceno para que abandonasen o cuarto, saíron, escorrentaron os pícaros que se arrexuntaran fóra e pecharon a porta. Pero ao señor non lle pareceu aínda abondo o silencio, fitou para o barqueiro, este comprendeu e saíu á sala contigua a través dunha porta lateral. Ao punto o home do cadaleito abriu os ollos, virou o rostro cara ao señor sorrindo dolorosamente e díxolle:

—Quen es? —o señor ergueuse sen maior abraio da súa postura axeonllada e respondeu:

—O alcalde de Riva.

O home do cadaleito asentiu, sinalou unha butaca co seu brazo debilmente estendido e dixo, logo de que o alcalde seguira o seu convite:

—Xa o sabía, señor alcalde, pero no primeiro momento sempre o esquezo todo, a cabeza dáme voltas e é mellor que pregunte aínda que o saiba todo. Tamén é probable que vostede saiba que eu son o cazador Gracchus.

—Certo —dixo o alcalde—. Foime anunciado hoxe pola noite. Xa facía tempo que durmíamos. E a iso da medianoite a miña muller dixo: «Salvatore», así me chamo, «mira a pomba na fiestra!» Tratábase sen dúbida dunha pomba, pero era grande coma un galo. Voou xunta da miña orella e dixo: «Mañá chega o defunto cazador Gracchus, recíbeo no nome da cidade.»

Der Jäger nickte und zog die Zungenspitze zwischen den Lippen durch: »Ja, die Tauben fliegen vor mir her. Glauben Sie aber, Herr Bürgermeister, daß ich in Riva bleiben soll?«

»Das kann ich noch nicht sagen«, antwortete der Bürgermeister.

»Sind Sie tot?«

»Ja«, sagte der Jäger »wie Sie sehen. Vor vielen Jahren, es müssen aber ungemein viel Jahre sein, stürzte ich im Schwarzwald - das ist in Deutschland - von einem Felsen, als ich eine Gemse verfolgte. Seitdem bin ich tot.«

»Aber Sie leben doch auch«, sagte der Bürgermeister.

»Gewissermaßen«, sagte der Jäger, »gewissermaßen lebe ich auch. Mein Todeskahn verfehlte die Fahrt, eine falsche Drehung des Steuers, ein Augenblick der Unaufmerksamkeit des Führers, eine Ablenkung durch meine wunderschöne Heimat, ich weiß nicht, was es war, nur das weiß ich, daß ich auf der Erde blieb und daß mein Kahn seither die irdischen Gewässer befährt. So reise ich, der nur in seinen Bergen leben wollte, nach meinem Tode durch alle Länder der Erde.«

»Und Sie haben keinen Teil am Jenseits?« fragte der Bürgermeister mit gerunzelter Stirne.

»Ich bin«, antwortete der Jäger, »immer auf der großen Treppe, die hinauf führt. Auf dieser unendlich weiten Freitreppe treibe ich mich herum, bald oben, bald unten, bald rechts, bald links, immer in Bewegung. Aus dem Jäger ist ein Schmetterling geworden. Lachen Sie nicht.« »Ich lache nicht«, verwahrte sich der Bürgermeister.

»Sehr einsichtig«, sagte der Jäger. »Immer bin ich in Bewegung. Nehme ich aber den größten Aufschwung und leuchtet mir schon oben das Tor, erwache ich auf meinem alten, in irgendeinem irdischen Gewässer öde steckenden Kahn. Der Grundfehler meines einstmaligen Sterbens umgrinst mich in meiner Kajüte. Julia, die Frau des Bootsführers, klopft und bringt mir zu meiner Bahre das Morgengetränk des Landes, dessen Küste wir gerade befahren. Ich liege auf einer Holzpritsche, habe - es ist kein Vergnügen, mich zu betrachten - ein schmutziges Totenhemd an, Haar und Bart, grau und schwarz, geht unentwirrbar durcheinander,

O cazador asentiu, pasou a punta da lingua entre os beizos:

—Si, as pombas adiántanseme co seu voo. Pero vostede cre, señor alcalde, que debo ficar en Riva?

—Iso non llo podo dicir aínda —respostou o alcalde—. Está vostede morto?

—Si —dixo o cazador—, como pode ver. Hai moitos anos, teñen que ser moitísimos anos, na Selva Negra (que está en Alemaña), caín dunha pena mentres perseguía un rebezo. Dende entón estou morto.

—Pero vostede tamén está vivo —dixo o alcalde.

—En certo modo —dixo o cazador—, en certo modo tamén estou vivo. A miña barca fúnebre errou a viaxe: unha viraxe en falso do temón, un intre de distracción do barqueiro, un desvío pola miña fermosa patria... non sei o que foi, só sei que fiquei na terra e que desde entón a miña barca atravesa augas terreaís. Así que eu, que non quería máis que vivir nas miñas montañas, viaxo despois da miña morte por todos os países da terra.

—E non ten vostede parte no alén? —preguntou o alcalde engurrando a fronte.

—Estou —respostou o cazador— sempre na grande escaleira que leva cara ao alto. Estou vagabundeando por esta escalinata infinitamente ampla, arriba, abaixo, á dereita, á esquerda, sempre en movemento. O cazador converteuse nunha bolboreta. Non ría.

—Non río —protestou o alcalde.

—Moi considerado pola súa parte —dixo o cazador—. Estou sempre en movemento. Pero cando collo o maior impulso e xa vexo a porta brillando aló enriba, esperto na miña vella barca, illada e varada en quen sabe que auga terrea. O erro primordial da miña morte anterior fai mofa de min no meu camarote. Xulia, a muller do barqueiro, peta na porta e traeme até o meu cadaleito o almorzo do país cuxa costa estamos percorrendo. Estou deitado nun catre de madeira e levo posta (non resulta nada grato contemplarme) unha mortalla sucia, os cabelos e a barba, canos e negros, mestúranse sen xeito nin dereito, as miñas pernas están cubertas cun gran

meine Beine sind mit einem großen, seidenen, blumengemusterten, langgefranstem Frauentuch bedeckt. Zu meinen Häupten steht eine Kirchenkerze und leuchtet mir. An der Wand mir gegenüber ist ein kleines Bild, ein Buschmann offenbar, der mit einem Speer nach mir zielt und hinter einem großartig bemalten Schild sich möglichst deckt. Man begegnet auf Schiffen manchen dummen Darstellungen, diese ist aber eine der dümmsten. Sonst ist mein Holzkäfig ganz leer. Durch eine Luke der Seitenwand kommt die warme Luft der südlichen Nacht und ich höre das Wasser an die alte Barke schlagen.

Hier liege ich seit damals, als ich, noch lebendiger Jäger Gracchus, zu Hause im Schwarzwald eine Gemse verfolgte und abstürzte. Alles ging der Ordnung nach. Ich verfolgte, stürzte ab, verblutete in einer Schlucht, war tot und diese Barke sollte mich ins Jenseits tragen. Ich erinnere mich noch, wie fröhlich ich mich hier auf der Pritsche ausstreckte zum erstenmal. Niemals haben die Berge solchen Gesang von mir gehört wie diese vier damals noch dämmerigen Wände.

Ich hatte gern gelebt und war gern gestorben, glücklich warf ich, ehe ich den Bord betrat, das Lumpenpack der Büchse, der Tasche, des Jagdgewehrs vor mir hinunter, das ich immer stolz getragen hatte, und in das Totenhemd schlüpfte ich wie ein Mädchen ins Hochzeitskleid. Hier lag ich und wartete. Dann geschah das Unglück.«

»Ein schlimmes Schicksal«, sagte der Bürgermeister mit abwehrend erhobener Hand. »Und Sie tragen gar keine Schuld daran?«

»Keine«, sagte der Jäger, »ich war Jäger, ist das etwa eine Schuld? Aufgestellt war ich als Jäger im Schwarzwald, wo es damals noch Wölfe gab. Ich lauerte auf, schoß, traf, zog das Fell ab, ist das eine Schuld? Meine Arbeit wurde gesegnet. »Der große Jäger vom Schwarzwald« hieß ich. Ist das eine Schuld?«

»Ich bin nicht berufen, das zu entscheiden«, sagte der Bürgermeister, »doch scheint auch mir keine Schuld darin zu liegen. Aber wer trägt denn die Schuld?«

»Der Bootsmann«, sagte der Jäger. »Niemand wird lesen, was ich hier schreibe, niemand wird kommen, mir zu helfen; wäre als Aufgabe gesetzt mir zu helfen, so blieben alle Türen aller

pano de muller, de seda, floreado e desfaiñado por enteiro. Na miña cabeceira hai unha candeia de igrexa que me ilumina. Na parede fronte a min hai un cadro pequeno, claramente dun bosquimán que me apunta coa súa lanza e que tenta cubrirese detrás dun escudo pintando de maneira espléndida. Nos barcos un atopa certas imaxes estúpidas, pero esta é unha das máis estúpidas. Aparte diso, a miña gaiola de madeira está completamente baleira. A través dun burato da parede lateral entra o vento morno da noite austral e escoito como a auga bate contra a vella barca.

E aquí xazo eu desde aquela vez na que, sendo aínda o cazador Gracchus vivinte, perseguín no meu fogar da Selva Negra un rebezo e me esfraguei. Todo seguíu a súa orde natural. Perseguíno, caín, desangreime nun desfiladeiro, morrín e esta barca debía levarme ao alén. Recordo aínda que a primeira vez me espreguicei feliz aquí no catre. Nunca as montañas me escoitaran cantar do xeito que o fixeron estas catro paredes, aínda difusas entón.

Vivín feliz e feliz morrín; antes de pisar a borda chimpei aos meus pés con ledicia toda a lea de armas e petos e o rifle que sempre levara con orgullo, e introducinme na mortalla como unha moza no traxe de noiva. Xacín aquí e agardei. Logo tivo lugar a desgraza.

—Un destino terrible —dixo o alcalde alzando a man cun xesto de desaprobación—. E vostede non leva ningunha culpa nel?

—Ningunha —dixo o cazador—. Eu era cazador, convérteme iso en culpable? Estaba destinado como cazador na Selva Negra, onde entón aínda había lobos. Estaba ao axexo, disparáballes, atináballes, quitáballes a pelella, convérteme iso en culpable? O meu traballo foi bendicido. «O gran cazador da Selva Negra», chamábanme. Convérteme iso en culpable?

—Non son quen para decidilo —dixo o alcalde—, pero non me parece que sexa culpa ningunha. Pero quen é o culpable entón?

—O barqueiro —dixo o cazador—. Ninguén lerá o que escribo aquí, ninguén vai vir axudarme; se impuxesen a tarefa de axudarme, ficarían pechadas todas as portas de todas as casas, todas as fiestras pechadas, todos ficarían nos leitos, coas sabas até a cabeza, a terra enteira sería

Häuser geschlossen, alle Fenster geschlossen, alle liegen in den Betten, die Decken über den Kopf geschlagen, eine nächtliche Herberge die ganze Erde. Das hat guten Sinn, denn niemand weiß von mir, und wüßte er von mir, so wüßte er meinen Aufenthalt nicht, und wüßte er meinen Aufenthalt, so wüßte er mich dort nicht festzuhalten, so wüßte er nicht, wie mir zu helfen. Der Gedanke, mir helfen zu wollen, ist eine Krankheit und muß im Bett geheilt werden.

Das weiß ich und schreie also nicht, um Hilfe herbeizurufen, selbst wenn ich in Augenblicken - unbeherrscht wie ich bin, zum Beispiel gerade jetzt - sehr stark daran denke. Aber es genügt wohl zum Austreiben solcher Gedanken, wenn ich umherblicke und mir vergegenwärtige, wo ich bin und - das darf ich wohl behaupten - seit Jahrhunderten wohne.«

»Außerordentlich«, sagte der Bürgermeister, »außerordentlich. - Und nun gedenken Sie bei uns in Riva zu bleiben?«

»Ich gedenke nicht«, sagte der Jäger lächelnd und legte, um den Spott gutzumachen, die Hand auf das Knie des Bürgermeisters. »Ich bin hier, mehr weiß ich nicht, mehr kann ich nicht tun. Mein Kahn ist ohne Steuer, er fährt mit dem Wind, der in den untersten Regionen des Todes bläst.«

unha pousada nocturna. O que ten moito senso, pois ninguén sabe de min, e se alguén souber de min non sabería do meu paradoiro, e se souber do meu paradoiro, non sabería como me reter, non sabería como me axudar. A idea de me axudar é unha enfermidade e hai que sandar dela no leito.

Seino e por iso non berro pedindo axuda, incluso nas ocasións (estando fóra de min, como o estou por exemplo agora mesmo) en que o penso moi seriamente. Pero abóndame con mirar ao meu redor e acordarme de onde estou e (disto si que podo estar seguro) de onde hai séculos que habito para me liberar desas ideas.

—Extraordinario —dixo o alcalde—, extraordinario. E agora pensa vostede ficar con noso en Riva?

—Eu non penso —dixo o cazador sorrindo e, para compensar a sorna, puxo a súa man no xeonllo do alcalde—. Estou aquí e máis non lle sei; máis non podo facer. A miña barca non ten temón, viaxa co vento que sopra nas rexións máis fondas da morte.

Trad. Santiago Sanjurjo Díaz